

YOLANDA CASTAÑO

RECICLAXE

E o azougue gastado no espello do toucador.

Dende a man que procura o pálpito
aproveito folios xa usados;
a tinta negra da outra cara advírtese por tras
e penso
que tamén se escribe así,
anotando palabras novas mentres outras
anteriores
se transparentan.

RECICLAJE

Y el azogue gastado en el espejo del tocador.

Desde la mano que procura el palpito
aprovecho folios ya usados;
la tinta negra de la otra cara se advierte por detrás
y pienso
que también se escribe así,
anotando palabras nuevas mientras otras
anteriores
se transparentan.

De *A Segunda Lingua [La segunda lengua]* (ed biling, 2014)

PEDRA PAPEL TESOIRA

Cando miran os ollos pechados,
as rodas vólvense un xogo de mans.

(O libro da poesía ábrese de máis
e convértese en baralla).

Non é arrogante acender unha luz,
tampouco miserable escribirmos ás escuras.

Non perdas áncora ao mundo,
nin tacto co que as palabras soporta,
non temas en serrarlle as patas
para que poida chegar aínda máis alto.

Aquí
xeramos linguaxe.

Realmente escribimos
porque unha imaxe vale máis ca mil palabras.

PIEDRA PAPEL TIJERA

Cuando los ojos cerrados miran,
las ruedas se vuelven un juego de manos.

(El libro de la poesía se abre de más
y se convierte en baraja).

No es arrogante encender una luz,
tampoco miserable que escribamos a oscuras.

No pierdas ancla con el mundo,
ni tacto con lo que soporta las palabras,
no temas en serrarle las patas
para que pueda llegar aún más arriba.

Aquí
generamos lenguaje.

Realmente escribimos
porque una imagen vale más que mil palabras.

METROFOBIA

Ao fondo da paisaxe, a chuvia
esvaece as nubes cun borrón.
Esta folla de ruta milita na xograresca.

Xa teño gana de partir e o meu coche é un soldado.
Non vas oíndo chifrar o seu cargamento sensible?
As estradas comarcais parecen
cadernos pautados.

Gustaríame sucar os montes cun poema ao lombo
coma os viaxantes.

O meu coche é unha bala prateada con
ritmo en vez de pólvora, e eu dígolle: “Vamos!”.
Xuntos atravesamos vales, barrios de funcionarios,
as grandes explotacións eólicas
danme ganas de loitar contra os xigantes.
O meu coche mais eu entendémonos sen dicirnos nada.

Flores brancas do ibuprofeno,
o meu coche é un soldado
e eu dígolle: “Vamos recitar poemas
a Monforte de Lemos!”,
e el
acompaña o seu motor ao meu rexistro,
repenica,
badalea
aínda que teña
metrofobia.

METROFOBIA

Al fondo del paisaje, la lluvia
difumina las nubes con un borrón.
Esta hoja de ruta milita en la juglaresca.

Ya tengo ganas de partir y mi coche es un soldado.
¿No vas oyendo silbar a su cargamento sensible?
Las carreteras comarcales parecen
cuadernos pautados.
Me gustaría surcar los montes con un poema a cuestas
como los viajeros.

Mi coche es una bala plateada con
ritmo en vez de pólvora, y le digo: “¡Vamos!”.
Juntos atravesamos valles, barrios de funcionarios,
las grandes explotaciones eólicas
me dan ganas de luchar contra los gigantes.
Mi coche y yo nos entendemos sin decirnos nada.

Flores blancas del ibuprofeno,
mi coche es un soldado
y yo le digo: “¡Vamos a recitar poemas
a Monforte de Lemos!”,
y él
acompaña su motor a mi registro,
repica,
tintinea
aunque tenga
metrofobia.

De A Segunda Lingua [La segunda lengua] (ed biling, 2014)

LISTEN AND REPEAT: un paxaro, unha barba.

Todo o ceo está en crequenhas. Unha sede intransitiva.

Falar nunha lingua allea
parécese a poñer roupa prestada.

Helga confunde os significados de país e paisaxe.
(Que clase de persoa serías noutro idioma?).

Ti, fásme notar que, ás veces,
este meu instrumento de corda
vocal
desafina.

No patio de luces da linguaxe,
engánchame a prosodia
no vestido.

Contareiche algo sobre os meus problemas coa lingua:
hai cousas que non podo pronunciar.

Como cando te vexo sentado e só vexo
unha cadeira –
ceci n'est pas une chaise.
Unha cámara escura proxecta no hemisferio.

Pronunciar: se o poema é
un exorcismo, un cambio de agregación; algún humor
solidifica para abandonarnos.

Así é a fonación, a entalpía.

Pero tes toda a razón:
o meu vocalismo deixa
moito que desexar.

(Se deixo de mirar os teus dentes
non vou entender nada do que fales).

O ceo faise pequeno. Helga sorri en cursiva.

E eu aprendo a diferenciar entre unha barba e un paxaro
máis alá de que levante o voo
se trato de collela
entre as mans.

LISTEN AND REPEAT: un pájaro, una barba.

Todo el cielo está en cuclillas. Una sed intransitiva.

Hablar en una lengua ajena
se parece a vestir ropa prestada.

Helga confunde los significados de país y paisaje.
(¿Qué clase de persona serías en otro idioma?)

Tú, me haces notar que, a veces,
este instrumento mío de cuerda
vocal
desafina.

En el patio de luces del lenguaje,
se me engancha la prosodia
en el vestido.

Te contaré algo sobre mis problemas con la lengua:
hay cosas que no puedo pronunciar.

Como cuando te veo sentado y sólo veo
una silla –
ceci n'est pas une chaise.
Una cámara oscura proyecta en el hemisferio.

Pronunciar: si el poema es
un exorcismo, un cambio de agregación; algún humor
solidifica para abandonarnos.

Así es la fonación, la entalpía.

Pero tienes toda la razón:
mi vocalismo deja
mucho que desear.

(Si dejo de mirar tus dientes
no voy a entender nada de lo que hables).

El cielo se hace pequeño. Helga sonrío en cursiva.

Y yo aprendo a diferenciar entre una barba y un pájaro
más allá de que levante el vuelo
si trato de cogerla
entre las manos.

QUE É DOR/ A DOR QUE DE VERAS SENTE

Teño cara de gustarme
as cousas que non me gustan.

Os labios de toda a xente
falan sen despegarse.

Isto tamén é así.

As paredes dunha gruta na que alguén, hai dez mil anos,
desdoura o natural da pedra.

Moedas, corrente alterna,
unha rapaza nada cos xenes da beleza,
toda picada de complexos.

Coma un orgasmo de Hedy Lamarr, os ollos de Nikola Tesla.

Un país onde non ser,
onde só cómpre
parecelo.

Luvas desenfundadas, sal, a máis prestixiosa
de todas as escolas de dobraxe.

O capital é o pesadelo
de quedarmos atoados na nosa capacidade simbólica.

A máis favorecedora de todas:
maquillaxe tanatoestética.

Anos de traballo voltos un pedazo de granito ecuestre.

Unha industria da miseria, as leiras do volframio.

Coma un corpo ardente que sabe, e
disimula.

Pestanas postizas de marca barata, unha imaxe
idéntica a si mesma.

Coma poesía política que se confunde
cun selfie fronte o espello do baño.

A metonimia do mal,
normativo dislocado.

Escenificación, menú, a escaleira de incendios do discurso.

Algo ao que lle medran raíces aéreas
e debece por volver á terra en canto hai tempo que saíu á luz;
coma os ollos das patacas.

A ollada do poema é tamén así:
filas de formigas obreiras
esmagadas para permanecer,

restos de acenos
que parecen

outra cousa.

QUE ES DOLOR/ EL DOLOR QUE DE VERAS SIENTE

Tengo cara de gustarme
las cosas que no me gustan.

Los labios de todo el mundo
hablan sin despegarse.

Esto también es así.

Las paredes de una gruta en la que alguien, hace diez mil años,
mancilla lo natural de la piedra.

Monedas, corriente alterna,
una muchacha nacida con los genes de la belleza,
toda picada de complejos.

Como un orgasmo de Hedy Lamarr, los ojos de Nikola Tesla.

Un país donde no ser,
donde sólo
parecerlo.

Guantes desenfundados, sal, la más prestigiosa
de todas las escuelas de doblaje.

El capital es la pesadilla
de quedarnos atascados en nuestra capacidad simbólica.

El más favorecedor de todos:
maquillaje tanatoestético.

Años de trabajo vueltos un pedazo de granito ecuestre.

Una industria de la miseria, las huertas del wolframio.

Como un cuerpo ardiente que sabe, y
disimula.

Pestañas postizas de marca barata, una imagen
idéntica a sí misma.

Como poesía política que se confunde
con un *selfie* frente al espejo del baño.

La metonimia del mal,
normativo dislocado.

Escenificación, menú, la escalera de incendios del discurso.

Algo al que le crecen raíces aéreas

y anhela volver a la tierra en cuanto hace un tiempo que salió a la luz;
como los ojos de las patatas.

La mirada del poema es también así,
filas de hormigas obreras
aplastadas para permanecer,

restos de gestos
que parecen

otra cosa.

En *De Cantares hoxe* (libro colectivo, 2013) y revistas digitales

A POESÍA É UNHA LINGUA MINORIZADA

Comezaría polo espesor. A súa acidez, o seu ph.

Camiña igual ca unha muller:
entre o masacre do invisible
e o campo de concentración da visibilidade.

Ladra estilo e final,
unha épica hospitalaria.

No poema a linguaxe
faise ouvidos xordos a si mesma,
nel as palabras amplían
o seu círculo de amizades.

Hai que masturbar o abecedario
ata que balbuza cousas
aparentemente inconexas.

Caixa de cambios da fala,
acenos doutra orde.
O sorriso do mosquito dentro da pedra de ámbar.

Non se trata de que non comprendas árabe.
Non entendes

poesía.

LA POESÍA ES UNA LENGUA MINORIZADA

Comenzaría por el espesor. Su acidez, su ph.

Camina igual que una mujer:
entre la masacre de lo invisible
y el campo de concentración de la visibilidad.

Ladra estilo y final,
una épica hospitalaria.

En el poema el lenguaje
se hace oídos sordos a sí mismo,
en él las palabras amplían
su círculo de amistades.

Hay que masturbar el abecedario
hasta que balbucee cosas
aparentemente inconexas.

Caja de cambios del habla,
gestos de otro orden.
La sonrisa del mosquito dentro de la piedra de ámbar.

No se trata de que no comprendas árabe.
No entiendes

poesía.

De A Segunda Lingua [La segunda lengua] (ed. biling, 2014)

LOGOPEDIA

Deixa que che ferva un té que nos recorde a quen amamos.
Algún pequeno lugar nun recanto da túa mandíbula
ten que poder conseguir ata esencia de bergamota.

Pero de toda a vida nos matan
os problemas de dicción
(ese seu ese que prende
nas miñas ganas de sorberllo).
E ti es tan palatal, tan liminar...
agachando un simulacro debaixo das moas do xuízo.

Nunca habería medrar o deus da fonoloxía
se o significado non espallase
o seu esperma sobre os ouveos.

As miñas cordas vocais vólvense sogas
para esta calamidade que non encontra maneira.
O gue vai tirar entón da campaña da miña glote
coma un tren desbocado que quixésemos frear.
E o teu nome
pégaseme ao padal,
como que o comungo.

Non é doado pronunciar *earl grey*.
Bonjour monsieur, quero un earl grey.

Pero o que quero eu

si que é impronunciable.

LOGOPEDIA

Deja que te hierva un té que nos recuerde a quien amamos.
Algún pequeño lugar en un rincón de tu mandíbula
ha de poder conseguir hasta esencia de bergamota.

Pero de toda la vida nos matan
los problemas de dicción
(esa ese suya que prende
en mis ganas de sorbérsela).
Y tú eres tan palatal, tan liminal...
ocultando un simulacro debajo de las muelas del juicio.

Nunca habría crecido el dios de la fonología
si el significado no esparciese
su esperma sobre los aullidos.

Mis cuerdas vocales se vuelven sogas
para esta calamidad que no encuentra manera.
La ge va a tirar entonces de la campanilla de mi glotis
como un tren desbocado que quisiésemos frenar.
Y tu nombre
se me pega al paladar,
como que lo comulgo.

No es fácil pronunciar *earl grey*.
Bonjour monsieur, quiero un earl grey.

Pero lo que quiero yo

sí que es impronunciable.

Álbum de poetas

Fomento a la lectura a través de poetas contemporáneas

